

## SLAPBACK

martes 26 de outubro, 20h.

ESPACIO DE ARTE SVT,

Vigo

Partindo da improvisación Nuno Marques descubrirá formatos sonoros que xurden da confrontación con eventos sociais contemporáneos (*Zeitgeist [2]*, Eric Egan 2019), coas pinturas rococó de Giovanni Battista Tiepolo (*Clouds*, Gregor Forbes 2019), que explora a granulación tímbrica (*I1 for Solo Electric Guitar*, Zachary Seely 2012) ou achan a súa inspiración nos procesos electrónicos habituais na música popular (*Slapback*, Michael Fiday, 1997).

**NUNO MARQUES** *Intro / Improvisação*

**GREGOR FORBES** *Clouds* (2021)

**MICHAEL FIDAY** *Slapback* (1997)

**ZACH SEELY** *i1* (2012)

**ERIC EGAN** *Zeitgeist [2]\** (2021)

\*Estrea mundial

VERTIXE SONORA

Nuno Marques *guitarra eléctrica*

## AS OBRAS

**Zeitgeist [2]** (Eric, Egan, 2021)

Segunda dun ciclo de pezas inspiradas en acontecementos contemporáneos en *Zeitgeist [2]*, Eric Egan explora a sideral distancia entre as intencións esbozadas no primeiro discurso oficial dunha figura política (in)fame e as súas acción de goberno posterior. O son da guitarra deteriórase co agravamento do mundo. Combina xestos distorsionados cun extracto da famosa interpretación do himno de EE.UU. *Star Spangled Banner* que realizara Jimi Hendrix o 18 de agosto de 1969 en Woodstock: unha poderosa resposta ao seu tempo e un forte símbolo do movemento contra a guerra. A peza foi encargada por Nuno e escrita durante o estricto confinamento inglés na primavera de 2020. Foi estreada en liña xusto despois do asalto do Congreso dos Estados Unidos o 6 de xaneiro de 2021.

**Slapback** (Michael Fiday, 1997)

Inspirada nunha gravación en directo de The Who na que o guitarrista Pete Townsend toca un dúo consigo mesmo namentras o seu son resoa en eco na parede. En *Slapback*, empréganse dous amplificadores enfrentados. E a música que sae do amplificador dereito repítese, mediante unha unidade de retardo electrónica máis tarde no esquerdo.

**Clouds** (Gregor Forbes, 2019)

A composición, adicada a Nuno Marques toma a súa orientación estética das pinturas rococó de Giovanni Battista Tiepolo. A guitarra está afinada dun xeito non convencional e a partitura está escrita principalmente en notación proporcional, fuxindo de metros e ritmos específicos en favor dun sentido de impulso improvisatorio.

**I1** (Zachary Seely, 2012)

Explora as relacións de tipo granular entre timbres compartimentados. A forma aberta permítelle ao oínte percibir facilmente a identidade de cada son ao inxectar novas condicións nun diálogo que se desenvolve, filtrado polas limitacións ergonómicas do solista.

## OS COMPOSITORES

**Eric Skytterholm Egan** (Noruega, 1983)

Compositor noruegués-irlandés, que reside en Tynemouth (Reino Unido). A súa música explora dispositivos formais a partir de vivencias, a miúdo dentro dun mundo sonoro caracterizado por timbres delicados e o material intrascendente, que procura subvertir as expectativas do oínte, ofrecendo o inesperado dentro dun terreo musical familiar. É profesor de composición na Durham Univeristy, ademais de director artístico da serie de concertos Musicon e KLANG North East, e dos ensembles E7B e Contrazontal.

**Michael Fiday** (Joliet, Illinois, EEUU, 1961)

A música de Michael Fiday é extensamente interpretada internacionalmente por unha ampla diversidade de artistas. Entre os seus principais profesores de composición estiveron: Richard Toensing na Universidade de Colorado, George Crumb na Universidade de Pensilvania e Louis Andriessen, con quen estudou en Amsterdam baixo os auspicios dunha bolsa Fulbright. Fiday obtivo numerosos premios, becas e residencias, entre outros, da Fundación Fromm, da Fundación Barlow, do Forum de Compositores Americanos, BMI, ASCAP, do Centro Virginia para as Artes Creativas, etc. É actualmente profesor de composición no College-Conservatory of Music da Universidade de Cincinnati.

**Gregor Forbes** (Edimburgo, 1993)

Compositor e pianista escocés actualmente en Leipzig, Alemaña. Galardoado en 2019 coa primeira beca da residencia de compositores Hanns Eisler Haus de Leipzig. Dende 2015 é director artístico do Ciclo de concertos de Música Experimental de Glasgow, premiado en dúas ocasións co galardón ‘Making It Happen’ nos premios escoceses de nova música. Dende 2021 é director musical do ciclo de conferencias-recitais de compositores, Neues bei Grieg no Grieg Begegnungsstätte Leipzig.

**Zachary Seely** (Nova Iorque, 1988)

Compositor, director de orquestra, guitarrista e improvisador de Leipzig, Alemaña. Director-fundador do Ciclo de Concertos Contemporary Insights aclamado como “sorprendentemente explosivo” na Toledo Blade (Toledo, Ohio, Estados Unidos). A música de Seely explora o xesto e o ruído nunha ampla gama de timbres mediante o uso de técnicas estendidas.

## VINDEIROS CONCERTOS

xoves 28 de outubro, 20h.

IGREXA MONACAL CONVENTUAL DE SAN

DOMINGOS, Tui

OFICIO DE ARMAS

venres 29 de outubro, 20h.

MARCO, Vigo

SAÍR [vir]

sábado 30 de outubro, 20h.

CONCATEDRAL DE SANTA MARÍA DE VIGO,

Vigo

NOITES BRANCAS

domingo 31 de outubro, 19h.

AUDITORIO MARTÍN CÓDAX, Vigo

TEMPO EXPOSTO E...